

CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA
2024

 **TEATRO**
Rosalía Castro



CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2024

XANEIRO

Venres 19 e sábado 20

LA CELESTINA

Sábado 27

**O AUTO DO
CASTROMIL**

FEBREIRO

Venres 02 e sábado 03

EL VERDUGO

Venres 23 e sábado 24

**LA VIDA
ES SUEÑO**

MARZO

Venres 01 e sábado 02

EL PADRE

Venres 08 e sábado 09

NEVENKA

Venres 15 e sábado 16

IRIBARNE

CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2024

ABRIL

Venres 05 e sábado 06

**À DEUX ROUES,
LA VIE!**

Venres 12 e sábado 13

**HELEN KELLER,
A MULLER
MARABILLA?**

Venres 26 e sábado 27

**LA MARAVILLAS
DE JÚPITER.
OLVIDO FLORES.**

MAIO

Venres 10 e sábado 11

**HASTA QUE LA
MUERTE NOS
SEPRE**

Venres 24 e sábado 25

EL TRAJE



LA CELESTINA

De Fernando de Rojas,
adaptación de Eduardo Galán

Secuencia 3 en coprodución con Pentación,
Saga Producciones e Teatre Romea

Calisto, un mozo noble apostado, penetra na horta onde se acha a Melibea, de quen queda profundamente namorado. Ante o rexeitamento desta, e aconsellado polo seu criado Sempronio, decide encomendar o seu coidado a Celestina, para lograr por medio dela o amor de Melibea. A alcaíota consegue mediante artimañas que Melibea se namore de Calisto. Os criados deste tentan obter un beneficio propio da paixón do seu amo:

que lle prometera unha cadea de ouro a Celestina se lle axudaba a render a vontade de Melibea. Cando isto sucede, os criados reclaman a súa parte e, ante a negativa de Celestina, mátanla. Son apresados e executados pola xustiza.

No último encontro de Calisto e Melibea, o mancebo ao saltar a tapia do horto de Melibea para socorrer ao seu criado Sosia, cae e morre. O que leva ao suicidio de Melibea ante a mirada compunxida do seu pai Pleberio, quen finaliza a traxicomedia cunhas reflexións morais e existencialistas.

REPARTIMENTO:

Celestina: Anabel Alonso, **Pleberio / Sempronio:** José Saiz, **Calisto:** Víctor Sainz, **Melibea / Areúsa:** Claudia Taboada, **Elicia / Lucrecia:** Beatriz Grimaldos, **Pármeno:** David Huertas.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Antonio C. Guijosa
Deseño de escenografía: Mónica Teijeiro
Deseño de iluminación: José Manuel Guerra
Deseño de vestiario: Mónica Teijeiro
Música orixinal e espazo sonoro: Manuel Solís
Dirección de produción: Luis Galán
Comunicación e produción: Beatriz Tovar
Construción de escenografía: Luis Bariego / Secuencia 3
Perruquería e maquillaxe: Roberto Palacios
Fotografía: Juan Carlos Arévalo

DURACIÓN ESTIMADA:

110 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa E



O AUTO DO CASTROMIL

De Manuel María

Producións Teatrais Excéntricas
en coprodución co Centro Dramático Galego



A obra acontece nunha viaxe onírica abordo dun coche de liña. Os viaxeiros dormen e talvez o conductor. As maletas e demais bagaxes amoreanse, cobran vida e repasan unha curiosa historia de Galiza, combaten a nosa amnesia conxénita usando autos populares e farsas do autor chairego. Nelas aparece a historia alucinada dun

pobo que loita, que é derrotado, volve levantar a cabeza e rebelarse de novo. Unha rebelión na que, ás veces, non temos mais armas que o humor e o espírito antroidesco.

O auto do Castromil é unha viaxe en transporte público pola Galiza inconsciente. Está feita con anacos das obras de Manuel María *A rebelión dos baús*, *O Auto dos semulados da Caravilla*, *Unha vez foi o trebón*, *Abril de Lume e Ferro* e o *Entremés da OTAN*.

REPARTIMENTO:

Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Patricia Vázquez.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección e dramaturxia: Quico Cadaval
Escenografía e indumentaria: Carlos Alonso
Iluminación: Octavio Mas
Espazo sonoro: Piti Sanz
Atrezzo: Kukas Produccións Artísticas
Noticario cinematográfico: Marcos PTT Carballido
Deseño gráfico: Javier de la Rosa - Milicia Gráfica
Fotografía: Sabela Eiriz
Produción: Rubén G. Pedrero
Axudante de dirección: Mon Serodio
DURACIÓN ESTIMADA:
70 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa B



EL VERDUGO

De José Luis García Berlanga e Rafael Azcona, adaptación de Ángel Calvente

El Espejo Negro Angel Calvente, con Teatro del Soho Caixabank de Málaga, coa colaboración da Universidad de Málaga (Vicerrectorado de Cultura) e o Teatro Municipal Concha Espina (Festival de Invierno de Torrelavega)

José Luis, un mozo apoucado, empregado dunha funeraria, proxecta emigrar a Alemaña para converterse nun bo mecánico. A súa noiva é filla de Amadeo, un verdugo profesional. Cando este os sorprende na intimidade, as circunstancias obríganos a casar. Ante a perentoria falta de medios económicos dos

recentemente casados, Amadeo, que está a piques de xubilarse, trata de persuadir a José Luis para que solicite a praza de verdugo, que el vai deixar vacante, o que lle daría dereito a unha vivenda. José Luis acaba aceptando a proposta do seu sogro e a súa muller co convencemento de que xamais se presentará a ocasión de exercer tan ignominioso oficio. A posibilidade dun indulto é a súa única esperanza. Pero irremediamente o patíbulo onde o reo deberá morrer está á súa espera...

REPARTIMENTO:

José Vera, Carlos Cuadros, Laín Calvente e Susana Almahano.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Ángel Calvente

Técnico luz e son: Adrián Alcaide

Composición banda sonora: Miguel Olmedo

Diseño e construción marionetas: Ángel Calvente

Diseño de iluminación e programación: Laín Calvente

Diseño proxecto qlab e axudante de iluminación:

Adrián Alcaide

Diseño de escenografía: Ángel Calvente

Vestuario de marionetas: Carmen Ledesma e Elisa Postigo

Animación, fondos e ilustración cartel: Vicente Martín (Vicen)

Voz en off cura: Juanma Lara

Atrezzo: Carmen Luna, Ángel Calvente e Pablo Catalá.

Voces do tema musical garrote vil escola de canto Alba

Bermejo, alunas: Luna García, Adriana Garrido y María Suli Sánchez

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa B



LA VIDA ES SUEÑO

De Calderón de la Barca, adaptación de Declan Donnellan e Nick Ormerod

Unha coprodución de LAZONA, CNTC (Compañía Nacional de Teatro Clásico) e Cheek by Jowl. En colaboración co Barbican, London e Scène Nationale d'ALBI, France

Un príncipe encadeado nunha montaña. Unha moza disfrazada de home en busca de vinganza. Revolución, amor, asasinato... pero en *La vida es sueño*; É o real verdadeiramente real? Ou é todo un sonho?



O director Declan Donnellan e o deseñador Nick Ormerod imprimen o seu espírito característico a esta obra de Calderón de la Barca, a máis famosa do Século de Ouro español, dando prioridade ao actor, ao texto e ao espazo. Un muro verde de portas dá a benvida ao público. Cando as luces se apagan, establécese unha relación entre o actor e o público. Oímos a Calderón no noso oído, preguntando: "Que é a vida?" E a súa resposta: «Unha ilusión, unha sombra, unha ficción. Porque toda a vida é soño, e os soños, soños son».

REPARTIMENTO:

Ernesto Arias, Prince Ezeanyim, David Luque, Rebeca Matellán, Manuel Moya, Alfredo Noval, Goizalde Núñez, Antonio Prieto, Irene Serrano.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Declan Donnellan

Adaptación da dramaturxia: Declan Donnellan e Nick Ormerod

Diseño de escenografía e vestuario: Nick Ormerod

Diseño de iluminación: Ganecha Gil

Son: Fernando Epelde

Asesor de dramaturxia: Pedro Villora

Movemento: Amaya Galeote

Intérprete: Juan Ollero

Diseño gráfico e fotografía: Javier Naval

Director técnico: Óscar Sáinz

Dirección de produción: Miguel Cuerdo

Produción executiva: Elisa Fernández

DURACIÓN ESTIMADA:

110 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa VIDA / PADRE



EL PADRE

De Florian Zeller

Produción do Teatre Romea co apoio do Instituto Catalán das Empresas Culturales e o INAEM

Andrés, un home de setenta e seis anos, culto, socarrón e terco, está a perder a memoria, pero resítese a aceptar ningún tipo de axuda e rexeita a todos os coidadores que a súa filla, Ana, tenta contratar. A medida que trata de dar sentido ás súas circunstancias cambiantes, Andrés, empeza a dubidar dos seus seres queridos, da súa mente e mesmo da súa propia vivencia da realidade.

REPARTIMENTO:

Andrés: José María Pou, **Ana:** Cecilia Soraguren, **Mujer:** Elvira Cuadrapani, **Hombre:** Jorge Kent, **Pedro:** Alberto Iglesias, **Laura:** Laura Grube.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Josep María Mestres
Escenografía: Paco Azorín
Vestuario: Nina Pawlowsky
Iluminación: Ignasi Camprodon
Espazo sonoro: Jordi Bonet
Caracterización: Núria Lluñell
Dirección de produción: Maite Pijuan
Produción executiva: Àlvar Rovira
Axudantía de produción: Tilda Espluga
Sastrería: Rosario Macias
Construcción da escenografía: Pascualín Estructures

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa VIDA / PADRE



NEVENKA

De María Goiricelaya

Histrión Teatro en coprodución con Portal 71

En 2001, e por primeira vez na historia de España, unha muller gañou un xuízo por acoso sexual a un político. Nevenka Fernández sentou por primeira vez a un alcalde no banco dos acusados, converténdose no primeiro caso de *#MeToo* nun país que lle deu a razón nos tribunais, pero que a estigmatizou publicamente. Hoxe este caso devólvenos a imaxe do que fomos para sinalar os avances, pero tamén as feridas. Hoxe *Nevenka* segue sendo ese espello no que se miran as mulleres que a precederon e que a seguiron; un reflexo dunha sociedade que cambiou ou, quizais, non tanto.

REPARTIMENTO:

Gema Matarranz, Ales Furundarena e Marta Megías.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: María Goiricelaya
Axudantía de dirección: Ane Pikaza
Deseño e construción da escenografía: Alvaro Gómez Candela
Deseño de iluminación: David Alcorta
Espazo sonoro: Ibon Aguirre
Música orixinal: Ibon Belandía
Fotografía: Gerardo Sanz
Deseño e realización do vestuario: Laura León
Produción executiva: Nines Carrascal e Sonia Espinosa

DURACIÓN ESTIMADA:

80 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa B



IRIBARNE

De Esther F. Carrodegua

ButacaZero en coprodución co Centro Dramático Nacional, e a Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia

Iribarne é un tipo nado no mismísimo pobo de Rouco Varela (si: o cardeal) durante a Monarquía de Alfonso XIII (O primeiro promotor do cinema porno en España? Si-si: ese). Emigrado a Cuba con tan só un anño, coincidindo coa inauguración da ditadura de Primo de Rivera, tras facer as Américas durante un par de anos, o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (ie o da francesa!). Empeza o Bacharel coa entrada da II República, case-case se fai cura durante a Guerra Civil, pero decide

pirarse a Madrid seguindo o rastro doutro galego illustre nada máis inaugurada a Era do Devandito (si, claro: O Caudillísimo). Con tanto afán tentou ser como el, e máis pronto que tarde chegou a ser o seu ministro, a pesar de disparar dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis!? Si-si: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír ao Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de Vicerrei na súa querida Terra Galega.

IRIBARNE é un intento (irreverente) por comprender como chegamos ata aquí camiñando da man dun deses personaxes secundarios, pero increíblemente imprescindibles da Fermosísima Historia desta España Miña (Esta España Nosa). Desta España Viva, desta España Morta. Pero coidado: por máis que o poida parecer, isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga. Encantounos facelo, pero é que non caibía nunha soa obra!

REPARTIMENTO:

Xurxo Cortázar, Jorge de Arcos, Esther F. Carrodegua, Mónica García, Anxo Outumuro e Lidia Veiga.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Xavier Castiñeira

Espazo escénico: Xavier Castiñeira y Diego Valeiras

Iluminación: Diego Vilar - Equipo Creativo RTA

Vestuario: Diego Valeiras

Música e espazo sonoro: Berto

Audiovisuais: Pablo Fontenla

Editor FX: Antón Miranda

Coreografía e asistente de dirección: Sabela Domínguez

Asesoramento coreográfico tradicional: Artur Puga

Produción: Esther F. Carrodegua, Juancho Gianzo

DURACIÓN ESTIMADA:

180 minutos (con 15 minutos de descanso)

ENTRADAS:

Tarifa B



À DEUX ROUES, LA VIE!

De Guillaume Doin e Yves Simard

Produción de DynamO Théâtre (Quebec- Canadá)

"A vida é coma unha bicicleta..."

Albert Einstein

Ao regresar despois dunha ausencia prolongada, un home enfróntase a unha herdanza familiar na que non se recoñece. Non sabemos quen é nin de onde vén. Debe reconectarse coa súa identidade. Unha vella bicicleta empúxao a emprender o camiño cara ás súas orixes. Sobre dúas rodas o home medirá o ritmo da vida e emprenderá a procura dun novo comezo.

Neste universo cheo de realismo máxico e maxia patentada, a bicicleta é máis que un obxecto. É un elemento fundamental da vida co que debemos avanzar para non perder o equilibrio.

ESPECTÁCULO SEN TEXTO

REPARTIMENTO:

Guillaume Doin

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección e guiño: Yves Simard

Asesorameento dramaturxico: Pascal Brullemans

Escenografía e vestuario: Pierre-Étienne Locas

Efectos máxicos: Stéphane Bourgoin

Deseño iluminación: Martin Sirois

Música: Pierre Guy Blanchard

Maquillaxe e perruquería: Suzanne Trépanier

Titiriteiro e director de escena:

Catherin.e Viens / Gabrielle Garant

DURACIÓN ESTIMADA:

50 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa A



HELEN KELLER, A MULLER MARABILLA?

De Chusa Pérez

Unha coprodución de Chévere, Centro Dramático Nacional e Teatre Lliure

Chévere inicia un proxecto que vai modificar algunhas das claves do seu traballo, tratando de cuestionar o seu propio *modus operandi* para seguir desbordando os límites e as estratexias máis repetitivas e canónicas das prácticas actuais de teatro documento. Un proxecto que se afasta das historias máis ou menos locais e da mirada xeracional, pero que mantén o interese por narrar desde as zonas de fricción entre a memoria colectiva e os relatos oficiais, mantendo a metodoloxía de traballo e as tácticas de creación.

Todo comeza ao descubrir os textos e o activismo político de Helen Keller, unha muller norteamericana, colocada fóra da normatividade dende os dezanove meses de vida, ao quedar xorda-cega por unha enfermidade, e que se converteu nunha celebridade mundial ao ser a primeira persoa xordocega en obter un título universitario en 1904. A súa vida foi fixada na memoria colectiva como un exemplo de superación e a maioría dos seus escritos acabaron rescatados como simples aforismos motivacionais. Por iso faise necesario rescatar a dimensión crítica da súa vida, porque ela é un exemplo de disidencia anticapitalista, que desborda a lóxica da milagre americano ao colocarse do lado dos máis vulnerables, contra a guerra e a explotación, militando en organizacións socialistas e revolucionarias nun país que fixo da loita contra o comunismo unha razón de ser.

REPARTIMENTO:

Patricia de Lorenzo, Ángela Ibáñez, Chusa Pérez.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dramaturxia e dirección: Xron

Axudantía de dirección: Borja Fernández

Iluminación: Fidel Vázquez

Espazo audiovisual: Lucía Estévez

Asesoramento e apoio en inclusión: Chusa Pérez

Produción, administración: Inés Portela

Produción executiva: Patricia de Lorenzo

Comunicación: Xana García

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa B



LA MARAVILLAS DE JÚPITER. OLVIDO FLORES.

De Estefanía de Paz Asín

Produción de Estefanía de Paz Asín e Iraia Sanz Urtasun

O 18 de xullo de 1936, coincidindo co levantamento golpista contra a República que deu paso á guerra civil, a troupe de 50 artistas do Circo Anastasini que chegara a Lodosa (Navarra) desapareceu sen deixar rastro. Din que algúns foron fusilados e que o resto foron obrigados a entreter á tropa. Mediante a linguaxe dos obxectos, a narradora Olvido Flores conta unha

historia de beleza amarga, poesía, circo e guerra, dentro dunha caravana habilitada para acoller a 22 espectadores e que quere ser unha homenaxe á memoria, e a aquelas persoas esquecidas ás que ningún lles levou flores.

REPARTIMENTO:

Estefanía de Paz Asín

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección, guión e dramaturxia: Estefanía de Paz Asín

Fotografía: Kiko Ortega Lafuente

Música e espazo sonoro: Gorka Pastor Yerro

Vestuario: Edurne Ibáñez Huarte

Maquillaxe: Arantza Otel Valverde

Iluminación: Mikel Navascués Allué

Vídeo: Jesús Iriarte Salinas

Axudante de dirección artística: Ariadne Iribarren

Irigoyen

Astronauta/técnico: Juanjo

Adecuación da Caravana: Leo camper;+ D Rotulación;

Inniauto

NOTA:

Este espectáculo realízase no exterior do Teatro Rosalía Castro dentro dunha caravana adecuada a tal efecto. Ten un aforo reducido de 22 localidades e non é apto para cadeiras de rodas. Realizaranse 3 pases cada día.

DURACIÓN ESTIMADA:

25 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa ÚNICA



HASTA QUE LA MUERTE NOS SEPRE



De Emilio del Valle

Producción de [in]constantes teatro

No escenario un actor, unha actriz e un músico. De idades parecidas, constrúen dúas personaxes das que entran e saen permanentemente: unha parella que se acaba de separar despois dunha longa convivencia na que ambos soñaron acabar as súas vidas xunto ao outro.

Teñen unha filla, que fai que esa separación non sexa tal, e que a famosa frase do rito católico adquira todo o seu vigor: “ata que a morte nos separe”. O actor e a actriz

falarán de amor e de costume; de diñeiro, de fillos, do pasado, presente e futuro destas persoas; de soños que se fian e rompen; de amor; de verdade e mentira; de facer as cousas mal podendo facelas ben; do que o orgullo non che permite dicir; de fracaso; de aprendizaxe; de esperanza...

Hasta que la muerte nos separe reflexiona sobre a parella como constructo social, cultural, económico e relixioso. A filla é obxectivo, pegamento, escusa, xustificacón pero, finalmente, sempre ocupa o terceiro lugar. A sociedade evoluciona; a idea occidental da familia, non.

A maioría das parellas que rompen, rompen antes de que a morte separe.

REPARTIMENTO:

Él: Jorge Muñoz, Ella: Rosa Manteiga / Lidia Palazuelos
Músico: Nacho Vera (Capitán Bazofia).

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Emilio del Valle
Asistente de dirección: Estefanía Ramírez
Deseño de iluminación: José Manuel Guerra
Escenografía e atrezzo: Florencia Nin
Deseño de vestuario: Ana Rodrigo
Audiovisual e deseño gráfico: Jorge Muñoz
Música orixinal: Nacho Vera (Capitán Bazofia)
Fotografía: María Alperi
Vídeo: Cinema Oeste
Distribución: Carlos M. Carbonell - Crémilo

DURACIÓN ESTIMADA:
75 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:
Tarifa B



EL TRAJE

De Juan Cavestany

Produción de Vania, Producciones off e Carallada

É o primeiro día de rebaixas nuns grandes almacéns da capital. A xente entrou en multitude e houbo un accidente. Nas entrañas do edificio, un vixiante de seguridade interroga a un home de negocios que veu comprar un traxe e que tivo algo que ver cos feitos.

Pero, cales son os feitos, exactamente?
E que perigo axexa a estas dúas persoas?

Javier Gutiérrez e Luis Bermejo protagonizan esta montaxe trepidante, asfixiante e desternillante ao mesmo tempo nun duelo interpretativo subterráneo.

REPARTIMENTO:

Javier Gutiérrez e Luis Bermejo.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Director: Juan Cavestany
Axudante de dirección: Nacho Redondo / Marlene Michaelis
Escenografía e vestuario: Mónica Boromello
Iluminación: Eduardo Vizuete
Espazo sonoro: Nick Powell
Locución: Juan Ochoa
Video creación: David González
Produción executiva: Mónica Regueiro / Carles Roca

DURACIÓN ESTIMADA:
70 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:
Tarifa E

CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2024

HORARIOS

Todas as funcións representaranse ás 20.30 h excepto a representación de *La maravillas de Júpiter. Olvido Flores* que se representará ás 17:00 h 18:30 h e 20:00 h

Puntualidade: unha vez que comece o espectáculo non se permitirá acceder á sala.

ENTRADAS

•Tarifa VIDA /PADRE: 25'00, 20'00, 15'00, 10'00 €

•Tarifa Especial: 21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €

•Tarifa A: 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €

•Tarifa B: 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €

•Tarifa Única: 10,00 €

•Tarifa visibilidade reducida -butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.

•Tarifa mobilidade reducida: establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo ou o 70% da tarifa cando esta é única.

DESCONTOS

•Carné xove, maiores 65 e persoas desempregadas: -20%

•Familias numerosas: -25%

•Grupos de + 20 persoas, en compra anticipada -50%

Os descontos non son acumulables entre si.

VENDA DE BILLETES

• Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11.00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h

• Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h

• WEB: ataquilla.com. Servizo permanente 24 h.

PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.


CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2024


MÁIS INFORMACIÓN




www.coruna.es/cultura

 @teatorrosaliacastro

 Teatro Rosalía Castro

 @TeatroRosalia

 Canle de whatsapp



Depósito legal: C 1752-2023



SISTEMA DE AUDICIÓN

PARA OÍR MELLOR:

O **TRC** dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao persoal de sala.

CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA
2024



CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA
2024



ORGANIZA:

